


# Obxectivos

Neste **Apartado II** abordaremos os seguintes obxectivos:

- Comprender a estrutura e compoñentes básicos dun servidor LDAP.
- Instalar e o servidor LDAP e configurar un cliente para que se autentifique contra el.
- Administrar o servidor LDAP.
- Configurar o servidor e cliente LDAP para realizar a autentificación de xeito seguro.
- **IMPORTANTE:** non se pretende entrar no cliente con usuarios de LDAP en modo gráfico, iso verase na PARTE III do curso. Só se iniciarán sesións no cliente en modo consola.

Os escenarios cos que traballaremos son:


## Escenario 2.1



Esta imaxe mostra a instalación do servidor LDAP no equipo servidor e a configuración do cliente para que valide os usuarios contra o servidor LDAP, de

formá que os usuarios existentes no servidor tamén existirán no equipo cliente. Utilizaremos distintas ferramentas para administrar os usuarios e grupos do LDAP.

## Escenario 2.2



Esta segunda imaxe ilustra os compoñentes que teremos que engadir para que no proceso de autenticación o intercambio de información entre cliente e servidor se faga de forma segura:

- En primeiro lugar, teremos que instalar no servidor un **servidor de DNS** que resolverá os nomes dos equipos do noso dominio (por exemplo, *iescalquera.local*). Dentro deste dominio, haberá un rexistro que lle asignará un nome ao servidor (por exemplo, *server00.iescalquera.local*), de forma que o *cliente00* poderá acceder ao servidor usando o seu nome

*server00.iescalquera.local* en lugar da súa dirección IP (*10.0.0.100*).

- En segundo lugar, crearemos unha **autoridade de certificación** para poder xerar un certificado dixital a nome do noso servidor (*server00.iescalquera.ga*). Este certificado será o que se usará para establecer unha conexión segura (usando o protocolo *ldaps* en lugar de *ldap*) entre o cliente e o servidor. O cliente deberá ter unha copia do certificado dixital da autoridade de certificación para poder confiar no certificado do servidor, xa que este está emitido pola autoridade de certificación.